

# «DA TERRA E DOS TEMPOS», HOXE AS DUAS, POR RADIO NACIONAL DE ESPAÑA NA CRUÑA

Hoxe xoves, ás 2 da tarde, polas ondas de Radio Nacional de España - A Cruña (Centro emisor do Noroeste), emitirásese o programa número vintecinco da emisión quincenal en lingua galega «Da Terra e dos tempos», que confeccionan a emisora citada e a Agrupación Cultural «O Facho».

Rexirásese polo guión seguinte:

—Don Ramón Otero Pedrayo e as súas «Obras selectas». Do tomo I, titulado «Parladoiro», o traballo «Enxebriño ao revés», publicado no ano 1930.

—A nosa música popular neste tempo de vrán. «Redonda o golpe», cantigas de romería interpretadas á zafona por Faustino Santalices.

—Luz Pozo Garza, poeta. Segunda parte de «Noticia a un amigo foraño», premio de poesía en lingua galega da sétima edición da «Festa da Cantiga».

—Entrevista co pintor Reimundo Patiño: Pintura galega e características máis acusadas. «Cómico» galego, pretensións e perspectivas cara a culturización do pobo galego. Presente e futuro da cultura e lingua galegas.

—Noticieiro: Quinta Feira Nacional do Libro e o libro galego. Títulos derradeiramente publicados. «As cruces de pedra na Bretaña», de Castelao, e «Letras do noso tempo», de Francisco Fernández del Riego. Fallo de concursos co gallo do «Día de Galicia». Exposición «Castelao visita a Rosalía».

—Refraneiro noso. Algúns refráns relacionados co mes que andamos.